

COMUNICADO : PROCEDEMENTO DE DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO

Estimadas familias:

Hoxe publícase no Diario Oficial de Galicia a [Orde do 6 de novembro de 2020](#), pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería e en privados concertados no curso 2020/21.

1. Destinatarios das axudas.	Os destinatarios das axudas son os alumnos e alumnas de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Especial.
2. Alumnado beneficiario da axuda de material escolar	O alumnado destas etapas que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar no curso 2020/2021 (en virtude da Orde de 12/05/2020), NON TERÁ QUE PRESENTAR SOLICITUDE, adquire automaticamente o dereito ás máscaras.
3. O alumnado, que non presentou no seu momento a solicitude de axudas ou quedou excluído .	<p>Poderá presentar a solicitude correspondente, sempre que se cumpran os requisitos de renda recollidos na orde. Os requisitos económicos son os mesmos que para acceder ás axudas para libros de texto e material escolar. Neste caso, debe presentar:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modelo de solicitude en prazo. <p>A solicitude formalizarase a través do modelo oficial contemplado nos Anexo I da Orde.</p> <p>Será única para todos os fillos ou fillas, salvo que estean escolarizados en centros distintos.</p> <p>Código de procedemento: ED330E.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar). - Documentación que se indica no Anexo I - Presentación : No centro docente ou a través da sede electrónica da xunta. - O prazo fixado no DOG é de 10 días hábiles contados a partir da publicación da orde no DOG. O último día do prazo é, polo tanto, o venres 27 de novembro de 2020.
4.PUBLICACIÓN DOS BENEFICIARIOS	Pola normativa de protección de datos de carácter persoal, a publicación da resolución das axudas (tanto a provisional como a definitiva) efectuarase no taboleiro do centro de maneira que os datos non sexan accesibles desde o exterior ou poderá chamarse ao centro para solicitar a información

En Ourense, a 13 de novembro de 2020

A Direccion do centro

